

8



8) SISTEMA DE INFORMACIÓN DE TERRAS EN GALICIA (SITEGAL).

Introdución e obxectivos

O Sistema de Información de Terras de Galicia (SITEGAL) é a ferramenta web na que se poden consultar e solicitar as parcelas que están incorporadas ao Banco de Terras de Galicia. Co Banco de Terras de Galicia, preténdese regular o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas a disposición de todas aquelas persoas que necesiten terra para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social.

Funcións

- Actuar como sede electrónica do Banco de Terras de Galicia, integrando neste os procedementos de incorporación, solicitudes de arrendamento, notificacións e rexistros.
- Recoller nun sistema de información xeográfica todas as referencias cartográficas en diferentes formatos e de diversas fontes.
- Recoller os datos das aldeas modelo e polígonos agroforestais.
- Permitir ás persoas usuarias o acceso na web a datos alfanuméricos e cartográficos que non estean protexidos pola normativa.
- Servir como acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia.


Alta no sistema

Os interesados en incorporar as súas parcelas ao Banco de Terras de Galicia, ou en empregar terras para levar a cabo un proxecto, poden consultar a través do SITEGAL os trámites que hai que levar a cabo en cada un dos casos.

Incorporar parcelas ó Banco de Terras


Para incorporar unha parcela ó Banco primeiro hai que solicitar a incorporación no sistema.

A solicitude de incorporación faise a través da páxina web <https://sitegal.xunta.gal> ou premendo sobre a imaxe inferior. Unha vez na páxina, deberanse de abrir o apartado “Banco de Terras”.



Imaxe 21. Acceso ó Sistema de Información de Terras de Galicia

Na seguinte pantalla teremos que acceder o apartado “Ofrecer parcelas” e nel a través da chave 365 ou o certificado electrónico, poderase iniciar a solicitude.



Imaxe 22. Páxina principal do Banco de Terras

Na solicitude terá que aparecer:


- Identificación da parcela, xa sexa no mapa ou mediante a identificación numérica do SIXPAC (provincia, concello, zona, polígono e parcela).
- Establecer o prezo co que quere que se arrende a finca.
- Aportar datos mínimos de contacto.

Unha vez cumprimentados os datos, poderase descargar un borrador da solicitude que deberase de acudir a as oficinas centrais do Banco de Terras en Santiago ou dirixirse a calquera Oficina Agraria Comarcal para rexistrar a súa solicitude diante dunha persoa xestora. Este trámite pode ser realizado por unha persoa representante debidamente autorizada.

Unha vez rexistrada a solicitude de incorporación, o Banco de Terras porase en contacto co solicitante para indicarlle os pasos a seguir para rematar o proceso de incorporación.

Solicitude de terras ó Banco de Terras

SITEGAL, a través desta páxina web, mantén unha lista actualizada de todas as parcelas dispoñibles no Banco de Terras de Galicia que vostede poderá consultar dende calquera ordenador conectado a Internet. Para poder velas terá que acceder a sección “Ver parcelas do banco” dentro do Banco de Terras.



Imaxe 23. Páxina principal do Banco de Terras

Para arrendar unha parcela deberemos cubrir unha solicitude de arrendamento. Esta solicitude faise directamente a través desta páxina web. Para iso, unha vez que identificamos a parcela de interese, prememos sobre ela. Na nova páxina veremos máis detalles sobre a parcela e debaixo do mapa no que se representa a parcela atópase a opción "Solicitar arrendamento".

Cubriendo a información que alí se pide (por exemplo, o tempo que desexa arrendar a parcela, o uso que lle vai a dar ou o prezo disposto a pagar) e seguindo os pasos que se indican, introducirase a solicitude no sistema. Débese de indicar na solicitude os méritos que cumpre o solicitante, xa que estes serán tidos en conta no caso de existencia de máis dunha solicitude de arrendamento sobre a mesma parcela.

Ó rematar de introducir a solicitude de arrendamento, poderase descargar un borrador da mesma. A continuación, deberase de acudir ás oficinas centrais do Banco de Terras en Santiago ou dirixirse a calquera Oficina Agraria Comarcal para rexistrar a solicitude diante dunha persoa xestora.

Unha vez rexistrada a solicitude de arrendamento, o Banco de Terras porase en contacto co solicitante, comunicándolle se foi aceptada ou non, e indicarlle o procedemento a seguir para formalizar o arrendamento.



CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>
